



EDITORIAL

Como é costume, por desgracia cada vez máis frecuente, un boletín ou revista de carácter cultural ou científico ten dificultades para saír á luz de xeito periódico, fixo e seguro, e CROA non podía ser, magoadamente, unha excepción. Problemas económicos, en primeiro lugar e de modo lóxicamente determinante; falta de colaboracións asiduas e puntuais; múltiples ocupacións das persoas que a intentan botar para diante, e outras vicisitudes, fan que este número teña que xuntar dúas anualidades (1992-1993) e converterse no Boletín 2-3 da Asociación. Non obstante, a demora pode compensarse cun máis abundante contido (máis do dobre do número 1), cunha mellora nas colaboracións, e ó tempo, cunha maior diversificación das mesmas, e por último, cunha máis lucida presentación. En definitiva, semella interesante facer un esforzo por continuar con CROA, como Boletín de información e de comunicación para os socios, pero que pode ser útil para máis xente. Un ano máis, a Asociación pode desenvolver boa parte das súas actividades, e entre elas a edición de Croa, mercede á axuda da Fundación «Barrié de la Maza», a quen agradecemos o seu apoio.

De acordo coa idea apuntada, neste número dobre, incídese no papel das Asociacións de Amigos dos Museos e trátanse, en boa lóxica, aspectos referidos ó Museo e o Castro de Viladonga, pero tamén e seguindo fielmente ós Estatutos da Asociación, tócanse temas relativos ó Patrimonio histórico e cultural da Terra Chá, ó mundo da Didáctica da Prehistoria ou ós Museos Monográficos arqueolóxicos.

Ó cabo, a Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga ve con enorme preocupación os problemas e as agresións de todo tipo que sofre o noso Patrimonio histórico, en inferioridade de condicións ante a aceleración dos tempos modernos, a especulación da terra e do solo (buscando cartos rápidos e fáciles), a falta de recursos culturais (e máis aínda no medio rural), e en fin, a carencia de medios para a protección, promoción e difusión

daquel Patrimonio, todo isto perante unha xeral desidia ou falta de interese por parte das Administracións Públicas, moi atentas a grandes e espectaculares dispendios para eventos de dubidosa rendabilidade socio-cultural, pero incapaces de comprender o valor da maior parte do Patrimonio Cultural no seu conxunto, que decote ten necesidades, globais e puntuais, a oito, e que parece que só se poden remediar, parcial e temporalmente, a golpes de campañas electorais ou por favores particulares.

Aínda con todo isto, CROA, en solitario ou coa axuda doutros, seguirá teimando en protexer e promover o que é o cerne singular deste país: o seu Patrimonio Cultural.



O cruce do desvío ó Castro e Museo de Viladonga e o estado actual da sinalización (mínima) existente: un bo exemplo de desidia, imprudencia, incultura, vandalismo, desprecio..., por parte de institucións e persoas.